



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA, PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA OLIMPIADA DE BIOLOXÍA PARA O SEU RECOÑECEMENTO COMO ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

Ao abeiro do establecido no punto cuarto, f) da resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, expoño os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que se pretenden co convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia para a organización e desenvolvemento da Olimpíada de Bioloxía e para o seu recoñecemento como actividade de innovación educativa.

Antecedentes

A Consellería, mediante a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, recolle no seu artigo 37 a homologación da participación do profesorado en proxectos de innovación impulsados polas administracións educativas como actividades de formación permanente. Determina, así mesmo, que a valoración en horas de formación para cada proxecto de innovación virá determinada na convocatoria correspondente ata un máximo de 50 horas por actividade.

Razóns de oportunidade

A oportunidade da sinatura deste convenio vén determinada polo interese que teñen as dúas entidades asinantes para establecer un programa de acción para incentivar e mellorar o ensino e a aprendizaxe da bioloxía, así como profundar nos coñecementos desta materia no marco do ensino secundario, nos centros de Galicia, a través da organización e desenvolvemento da Olimpíada de Bioloxía, así como de que ao profesorado participante na preparación do alumnado para esta olimpíada se lle valoren como horas de formación as dedicadas a esa preparación.



Obxectivos

Os obxectivos deste convenio son o recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante na Olimpíada de Bioloxía, tanto nas súas fases locais como na nacional.

Así mesmo, ten como obxectivo promover a formación dos docentes de ensino secundario e a súa actualización metodolóxica e científico-técnolóxica, así como fomentar neles a necesidade dunha aprendizaxe activa e participativa, onde se impulse o método científico e, por último, ampliar as súas competencias profesionais mediante unha formación axeitada en temas de innovación e investigación educativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

